



#SaudeeTerra!  
#\_rdc2025

# 23 de febreiro Día de Rosalía de Castro

lectura pública  
da obra de  
Rosalía de Castro

Arriba  
todas, rapaciñas do lugar!,  
que o sol  
i a aurora xa vos vén a despertar.  
Arriba!  
Arriba, toleirona mocidade!




asociación de  
escritoras  
escritores  
en lingua galega  
www.aeig.gal



CEDRO  
CENTRO ESPAÑOL DE DERECHOS  
REPROGRÁFICOS  
www.cedro.org



## PROPOSTAS



O día 23 de febreiro celébrase o Día de Rosalía.

O día 24, luns, á primeira hora da mañá serán lidas en todas as aulas do colexio varios poemas ou fragmentos de poemas de Rosalía de Castro.

Ao longo desa semana, os profesores/as de L. Galega que dedicarán unha parte do tempo a tratar na clase algún aspecto relacionado coa vida ou a obra da autora padronesa..



Engadimos ligazón aos textos completos das súas dúas obras máis importantes:

[Follas Novas](#)

[Cantares Gallegos](#)

Así mesmo, e como desde hai xa algúns anos, sumámonos ás propostas da AELG para celebrar o día da nosa escritora máis insigne.

Nas aulas de Ed. Infantil e o primeiro ciclo de Ed. Primaria desenvolveranse as seguintes [actividades realizadas coa aplicación Genially](#) por equipos de varios centros integrados no Seminario Galán.





## PROPOSTA DA ASOCIACIÓN DE ESCRITORES/AS EN LINGUA GALEGA

### Ligazón ao manifesto deste ano

#### Educación Infantil      Educación Primaria      Primeiro ciclo de Educación Secundaria Obrigatoria

- **A.-** Propoñemos procurar información sobre Domingo Fontán, como percorreu Galiza, como a mediu para debuxala e para situar todos os lugares no mapa.
- **B.-** Cando Rosalía de Castro naceu xa existía a Carta xeográfica de Galiza elaborada por Fontán, imaxínade que cando tiña os vosos anos quería buscar nese mapa os lugares onde vivía, por onde andaba. Convidámosvos a xogar co mapa de Galiza e a que sinaledes os nomes (topónimos) dos espazos da escritora, podedes situar os seguintes:
  - Consulta na rede un espazo denominado “As pegadas de Rosalía” e sitúa lugares importantes na súa vida no mapa, tamén de cando xa foi moito máis maior ca vós.
  - Agora tratade de procurar no mapa os lugares importantes da vosa vida: lugar de nacemento, onde vivides, por onde andades.
  - Agora podedes buscar nalgúns poemas nomes de lugares (topónimos) e sinalardes no mapa as palabras que formarían parte da toponimia literaria de Rosalía de Castro. Podedes localizalos nestes poemas: “Nosa Señora da Barca”, “Campanas de Bastabales”, “Pasa río, pasa río”, e “Como chove miudiño”, todos eles de *Cantares Gallegos*.
  - Para estas actividades empregade diferentes lapis de cores.
- **C.-** Agora ánimovos a que nos acheguemos aos ríos, aos vosos e aos de Rosalía de Castro. A autora de *En las orillas del Sar*, puido dar moitos paseos polos ríos Sar e Sarela, buscade información sobre estes ríos:
  - Onde nacen, por onde pasan, onde rematan as súas augas.
  - Fixádevos se son afluentes dalgún outro río e de que outros ríos reciben augas. Onde desembocan?
  - Trazade sobre un mapa o curso do río Sar e do río Sarela.
  - Agora xa sabedes: as augas do Sarela, van dar ao Sar, as do Sar, van dar ao río Ulla e as do Ulla van dar a Ría da Arousa. Trazade agora o curso do río Ulla.
  - Que comarcas galegas atravesan estes ríos?
  - Agora procurade información sobre os ríos e regatos que hai no lugar onde vivides: onde nacen, onde rematan as súas augas e fixádevos se mudan de nome nalgún momento.
- **D.-** Preguntade nas vosas casas, á veciñanza, ao profesorado e recollede información sobre a mina de Touro e a empresa Altri, situádeas no mapa. Compartide a información na aula.
- **E.-** Agora sitúade no mapa a Ría da Arousa, coas súas vilas e cidades máis importantes. Buscade información do lugar sobre:



- Os traballos das persoas relacionados co mar.
- Os traballos das persoas relacionados coa agricultura.
- Os traballos das persoas relacionados coas industrias e empresas da zona.
- Credes que na Ría da Arousa é importante o turismo?
- **F.-** Que reivindican as seguintes asociacións:
  - Plataforma Veciñal Mina Touro- O Pino NON.
  - Plataforma Veciñal Ulloa Viva.
  - Plataforma en Defensa da Ría de Arousa.
- Debatede na aula: Podería verse moi afectada a Ría de Arousa pola contaminación?

---

### EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

---

Todas as actividades propostas anteriormente serven tamén para esta etapa, engadimos outra máis relacionadas coa historia da literatura a partir do manifesto “Saúde e Terra!”.

- **A.-** Procurade os nomes das autoras e autores aos que se fai referencia no texto, indicade a que etapa histórica e literaria pertencen, desde a Idade Media até a actualidade.
- **B.-** No texto hai referencias ao manifesto “Máis alá” de Manuel Antonio e Álvaro Cebreiro, localizade este texto , lédeo na aula e tratade os seguintes temas:
  - A quen se critica en relación co idioma?
  - Que se quere dicir coas palabras “opereta madrileña”?
  - Quen son os vellos?
  - Quen son os devanceiros?
  - Hai algunha relación entre os dous manifestos?
  - Hai algunha referencia a Rosalía de Castro?
  - Por que se di no manifesto “Saúde e Terra!” que Rosalía de Castro nunca ocupou a casa do amo?
- **C.-** No manifesto “Saúde e Terra!” aparecen referenciadas obras de Pura Vázquez, María Xosé Queizán e de Xela Arias, investigade se estas autoras escribiron algunha obra sobre ou dedicado a Rosalía de Castro.
- **D.-** Busca información sobre a obra: *Daquelas que cantan* (libro+CD) –*Rosalía na palabra de once escritoras galegas*, e contestade:
  - Quen son as autoras que participan no libro?
  - Acheга algunha das súas obras e establece unha orde cronolóxica relacionada coa publicación dos seus libros.
- **E.-** María Reimóndez tamén escribiu un manifesto para celebrar o Día de Rosalía pola AELG, localizade o texto na rede e contestade:
  - Que quere dicir a sigla AELG? Cal é a súa orixe e cales os seus obxectivos?
  - Cal era o lema do manifesto de María Reimóndez?
- **F.-** Sobre Palestina e a súa relación coa poesía galega procurade información sobre os seguintes libros:
  - VV.AA: *Intifada. Ofrenda dos poetas galegos*, Fundación Araganey, 2003.
  - VV.AA: *Cantos de dor e liberdade. Voces galegas por Palestina*, Editorial Tempo Galiza, 2024.



- Quen son as voces participan en cada libro?
- Buscade e lede os poemas de Luísa Villalta e de Xela Arias incluídos no primeiro libro.
- Lede os relatos de Rafael Dieste e de Castelao aos que se fai referencia no manifesto, por que pensades que a autora os relacionaou con Palestina?
- Quen foron os Mártires de Sobredo? Por que aconteceron estes feitos? Que reivindicaba o agrarismo en relación coa terra?
- Lede o poema de Ramón Cabanillas, “Sobredo”. Podedes atopar aquí máis información:  
<https://axendacultural.aelg.gal/2022/11/28/desde-a-aelg-animamos-a-lectura-do-poema-de-ramon-cabanillas-dedicado-a-loita-de-sobredo-no-seu-100-aniversario/>
- Poderíase establecer unha relación entre a protagonista do poema de Rosalía de Castro, “A xustiza pola man” de *Follas Novas* e Cándida Rodríguez González, a mártir de Sobredo?
- Que relación ten a loita Palestina coa Terra?
- **G.-** Procurade información sobre os xenocidios sufridos en Armenia, en Auschwitz e en Rwanda. Debatete na aula sobre a realidade do xenocidio palestino.
- **H.-** Rosalía de Castro naceu en 1937 e faleceu en 1885, tiña nove anos cando se produciu a Revolución de 1846 que rematou co fusilamento dos que se coñecen como Mártires de Carral. Procurade información sobre este feito e sinalade nun mapa todos os lugares significativos da sublevación.

Saúde e terra!

*Equipo da Biblioteca/Equipo de Coordinación*